

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de abril de 2021, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 7167 (11/POC-001094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o censo de vivenda baleira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 74, do 12.01.2021
- 1.2 11547 (11/POC-002027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da suficiencia dos dez proxectos, por importe de 122 millóns de euros, que vai presentar para a captación de fondos Next Generation
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 03.03.2021

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 8525 (11/PNC-000898)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago, con anexos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 82, do 26.01.2021
- 2.2 12616 (11/PNC-001285)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central



en relación coas melloras iniciadas na liña ferroviaria de ancho métrico Ferrol-Xixón

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 17.03.2021

- 2.3 12630 (11/PNC-001288)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do inicio da redacción do proxecto de construción dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 24.03.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Carmen María Pomar Tojo

Presidenta da Comisión

Carmen
María
Pomar Tojo

Firmado digitalmente por
Carmen María Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Carmen Maria
Pomar Tojo,
email=carmen.pomar.tojo@p
arlamentodegalicia.es
Fecha: 2021.04.08 11:49:36
+02'00'





Asinado dixitalmente por:

Carmen María Pomar Tojo na data 08/04/2021 11:49:36



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Carmen María Pomar Tojo

P

Vicepresidente

Ramón Carballo Páez

P

Secretario

Paulo Ríos Santomé

BNG

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

José Manuel Balseiro Orol

P

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Diego Calvo Pouso

P

María Sol Díaz Mouteira

P

Alexandra Fernández Gómez

BNG

Rubén Lorenzo Gómez

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

Patricia Otero Rodríguez

S

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7167(11/POC-001094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o censo de vivenda baleira

Publicación da iniciativa, 74, 12.01.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 13:47:25
Nº Rexistro: 7167
Data envío: 04/01/2021 13:47:25.183

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o Censo de vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en rexime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.

CSM-REXISTROXERALCDH9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 13:47:25
Nº Rexistro: 7167
Data envío: 04/01/2021 13:47:25.183

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.

CSV: REXISTROVXSIDH9
Verificación
<https://secreta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 13:47:25
Nº Rexistro: 7167
Data envío: 04/01/2021 13:47:25.183

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

A pesar desta negativa e como consecuencia da presión social que reclama vivenda accesible, a Consellaría de Infraestruturas e Vivenda deu impulso a un instrumento para obter maior información sobre a situación do parque de vivendas baleiras, mediante o decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza.

Un instrumento que resulta insuficiente, en tanto que deixa fóra do censo as vivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, que restrinxe a incorporación de determinadas tipoloxías de edificación ou que deixa con carácter optativo o rexistro das vivendas que non sexan propiedade de entidades financeiras, o que resulta nunha visión bastante limitada do actual parque de vivenda baleira.

A pesar destas eivas, o Censo podería supor un primeiro impulso para obter información detallada da situación do parque inmobiliario en Galiza e un primeiro paso para comezar a desenvolver a tan necesaria planificación pública da política de vivenda e a reorganización do parque inmobiliario.

Pasados catro anos dende a aprobación deste Censo de Vivenda Baleira, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nin rendeu contas sobre os datos recollidos, nin se coñece ningunha valoración ou análise dos mesmos e tampouco deu impulso a medidas tendentes á intervención deste parque de vivenda baleira.

CSV: REXISTROVXSIQDHD9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 13:47:25
Nº Rexistro: 7167
Data envío: 04/01/2021 13:47:25.183

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Pensa a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda facer públicos os datos relativos ao Censo de Vivenda Baleira?

Vai a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda realizar unha cartografía cos datos obtidos a través do Censo de Vivenda Baleira?

Que avaliación fai a Xunta de Galiza da situación do parque de vivenda baleira?

Que políticas vai pór en marcha a Xunta de Galiza para intervir sobre o parque de vivenda baleira?

Santiago de Compostela, 04 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2021 13:46:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 13:47:25
Nº Registro: 7167
Data envío: 04/01/2021 13:47:25.183

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2021 13:47:02

CSV, REGISTRO XERAL ENTRADA
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 11547(11/POC-002027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a opinión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio
e Vivenda respecto da suficiencia dos dez proxectos, por
importe de 122 millóns de euros, que vai presentar para a
captación de fondos Next Generation

Publicación da iniciativa, 105, 03.03.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2021 17:45:52
Nº Rexistro: 11547
Data envío: 22/02/2021 17:45:52.069

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Hai uns días, a Consellería de Medio Ambiente informou sinteticamente de 10 proxectos que afirma que vai presentar ante o Goberno do Estado para a captación de fondos *Next Generation* e que aspira a desenvolver nun prazo de 3 anos. Eses 10 proxectos optarían a un total de 122 millóns de euros. Deles a metade, segundo a consellaría, terían tres obxectivos concretos modernizar os recursos enerxéticos e potenciar os ecosistemas do parque nacional das Illas Atlánticas (11 millóns); a recuperación integral de 300 quilómetros de ríos, denominado Proxecto Mil Ríos, centrado no Ulla, Eo, Landro e Sor (31,3 millóns); e a restauración de 1.500 hectáreas de terreo da Rede Natura que sufriu incendios forestais (12 millóns).

Outras iniciativas, segundo a consellaría, teñen a recuperación da biodiversidade como eixo: adquisición de solo nos seis parques naturais para a restauración de ecosistemas (16 millóns), eliminación de especies invasoras (con 14 millóns específicos para Galicia e 3,5 millóns de euros compartidos con Asturias, País Vasco e Cantabria para eliminar a herba da pampa), creación dun mapa de hábitats de Galicia (1,1 millóns), recuperación do entorno do río Eo (2,9 millóns compartidos con Asturias) e traballos para actuar sobre 1000 hectáreas de espazos naturais atravesadas por infraestruturas (15 millóns), así como actuacións en 1000 hectáreas da Rede Natura (15 millóns).

A conselleira defendeu estes proxectos afirmando que “estamos ante 10 ambiciosos proxectos que cumpren as liñas xerais dos fondos comunitarios e cos que queremos responder ás necesidades presentes e futuras do noso medio natural”.

Non obstante, o importe e alcance dos proxectos desminte a ambición que pregona a conselleira. Ante unha oportunidade histórica como é a que representan os fondos *next generation* para dar un impulso á recuperación do medio ambiente de Galicia, e facer del, ao mesmo tempo, un vector de recuperación económica, sorprende a escaseza da ambición do departamento de medio ambiente.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2021 17:45:52
Nº Rexistro: 11547
Data envío: 22/02/2021 17:45:52.069

Hai que ter en conta que no Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia o obxectivo de transición ecolóxica ascende a un 37 % dos fondos, e que eses fondos ascenden a aproximadamente 70.000 millóns nunha primeira fase, o cal implicaría que está previsto un importe de 25.900 millóns para transición ecolóxica, no cal Galicia ten que concorrer co resto das CC.AA baseándose nun deseño ambicioso. Certamente, neses importes están tamén incluídos proxectos de enerxía limpa, pero a cifra que a consellaría presenta como obxectivo (que non ten por que ser acadado dado que os fondos non se van repartir con criterios territoriais estritos senón en relación coa competencia entre proxectos, condicionalidade, etc) é manifestamente insuficiente, ademais de que o proceso de selección deses proxectos carece de deliberación cos axentes sociais, outras administracións, cidadanía, e está revestido de opacidade.

Pódese afirmar que esta escaseza de ambición e opacidade é unha nova mostra da política medioambiental da Xunta de Galicia, marcada polo ecobranqueo, un orzamento moi baixo e tolerancia e permisividade ante as agresións ao medio, que chocan frontalmente co espírito dos tempos e coa axenda verde española e europea.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª Considera a consellaría que presentar 10 proxectos por importe de 122 millóns de euros é suficientemente ambicioso ante unha oportunidade histórica como a dos fondos *next generation*?

2ª Incluíu o proceso de decisión e selección deses proxectos a consulta e diálogo con axentes alleos á consellaría como universidades, organizacións ecoloxistas, etc? En caso afirmativo, exactamente con quen?

3ª Cal é o motivo polo que eses proxectos non foron presentados na Comisión de reactivación do Parlamento de Galicia?

4ª Forman parte eses 10 proxectos dos 108 proxectos que a Xunta afirmou que vai presentar ante o Goberno do Estado?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/02/2021 13:55:19

CSV REXISTRO: F9K9KTY17
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2021 17:45:52
Nº Registro: 11547
Data envío: 22/02/2021 17:45:52.069

Paloma Castro Rey na data 22/02/2021 13:55:35

CSX REGISTROFR9gkTY17
Verificar
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 8525(11/PNC-000898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago, con anexos

Publicación da iniciativa, 82, 26.01.2021



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/01/2021 09:55:35

Nº Rexistro: 8525

Data envío: 20/01/2021 09:55:35.335

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Paulo Ríos Santomé**, **Iria Carreira Pazos**, **Luis Bará Torres** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a continuidade dos postos de traballo na liña “Santiago-Aeroporto” antes incluída na liña “Lugo-Santiago con anexos”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da liña Santiago-Aeroporto foi solicitada polo Concello de Santiago en 2018 e, por tanto, non foi licitada nos contratos do Plan de Transporte Público de Galiza. Porén, o Concello de Santiago que tiña que se facer cargo deste servizo e incluílo no prego do concurso do transporte urbano, aínda non realizou a licitación pública deste procedemento polo que non foron subrogados os conductores desta liña cando asumiu este servizo.

Non foi este un procedemento de que o Concello tivese coñecemento repentinamente e xa o 19 de xuño de 2019 o propio alcalde recoñecía nun medio de comunicación que lle trasladaran a obriga de subrogar este persoal. Mais o tempo foi pasando e o Concello desentendeuse deste problema.

A Xunta de Goberno local adoptou o acordo con data 18/12/2020 de ordenarlle á actual concesionaria do transporte colectivo urbano de viaxeiros/as (UTE Trapsa-Aulusa) que desde o 23 de decembro de 2020 e até a adxudicación do novo contrato do

CSM-REXISTRO18Jun2021
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2021 09:55:35
Nº Rexistro: 8525
Data envío: 20/01/2021 09:55:35.335

servizo realice a prestación desta liña ao aeroporto de Santiago, integrando este percorrido na actual liña de transporte urbano (San Marcos-Os Tilos).

Deste xeito, desde o pasado 22 de decembro de 2020 os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago que antes formaba parte do lote "Lugo-Santiago, con anexos" a cargo da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade padecen un grave problema laboral. Así, as 9 persoas afectadas non dispoñen da carta de despedimento, ao teren dereito á subrogación, polo que non poden cobrar a prestación social a curto prazo.

A isto súmanse as queixas da veciñanza da Lavacolla, que viu deteriorada a calidade deste servizo público ao non contar con boas prestacións pola substitución da frecuencia dos autobuses, aumento esaxerado dos traxectos, ao ir cheos de equipaxe e mesmo ao non realizar as paradas oportunas cando vai cargado de persoas pasaxeiras do aeroporto en determinados horarios, posto que non se poñen reforzos para atender a veciñanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a mediar e notificar ao Consello Galego de Relacións Laborais para iniciar os trámites que posibiliten a recuperación dos postos de traballo das persoas afectadas.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

CSV: REXISTROJ18.mkeD5
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2021 09:55:35
Nº Registro: 8525
Data envío: 20/01/2021 09:55:35.335

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Iria Carreira Pazos

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2021 09:43:28

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2021 09:43:35

Daniel Pérez López na data 20/01/2021 09:43:47

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2021 09:43:57

CSX: REXISTROJ18.mKed5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 12616(11/PNC-001285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coas melloras iniciadas na liña
ferroviaria de ancho métrico Ferrol-Xixón

Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 17:15:09
Nº Rexistro: 12616
Data envío: 11/03/2021 17:15:09.346

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O ferrocarril de Ancho Métrico Ferrol-Xixón, que forma parte do corredor viario que discorre por toda a costa cantábrica, está próximo a cumprir medio século dende a súa inauguración, aínda que nalgún tramo xa viña funcionando dende comezos do anos 60. A través de 320 km conecta directamente 47 localidades de Galicia e Asturias e dá servizo a outras moitas que se atopan nun radio de proximidade a aquelas que dispoñen de estación.

Durante estas décadas representou un importante medio para conectar localidades que, nunha parte considerable do seu traxecto, non dispoñen de alternativa terrestre organizada e permanente de traslado colectivo de viaxeiros para facer posible o desprazamento entre elas, agás que se recorra á utilización do vehículo privado.

Baste tomar como exemplo unha das comarcas, a Mariña lucense, para comprobar que un servizo ferroviario adecuadamente organizado estaría en condicións de garantir os desprazamentos a través das súas principais localidades para miles de persoas que están obrigadas a facelo a diario por razóns laborais, de estudos, médicas, administrativas ou de índole turística, tendo en conta ademais que discorre en paralelo á costa cantábrica e ás súas praias.

Tamén se debe de considerar o potencial que ten para o traslado de mercadorías- que na actualidade é moi reducido- tendo en conta que polo corredor cantábrico se estima que existe un movemento da orde de 800.000 toneladas anuais entre as distintas comunidades.

Durante as últimas décadas o Ancho Métrico sufriu un progresivo abandono tanto nos equipos, moi antigos, coma nas súas instalacións (estacións, accesos e vías), así como no que se refire á ordenación e nas frecuencias.

En conclusión, nin a oferta de transporte nin as condicións nas que se realiza están axustadas ás necesidades das comarcas que este ferrocarril atravesa. O deterioro afecta enormemente á calidade do servizo (con frecuentes





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 17:15:09
Nº Rexistro: 12616
Data envío: 11/03/2021 17:15:09.346

interrupcións) e constitúe un elemento que obxectivamente reduce a utilización do tren e como consecuencia o número de viaxeiros.

Non obstante, o número de comarcas e localidades que conecta (Ferrolterra, Ortegal, a Mariña lucense, Avilés ...) con centos de miles de veciños e veciñas, as necesidades de transporte destas e a súa condición de medio de conexión entre dúas comunidades autónomas, xustifica a realización durante os próximos anos dun esforzo investidor razoable que permitan recuperar plenamente a calidade do servizo ferroviario.

Un primeiro e importante paso adiante levouse xa a cabo coa adquisición o pasado 29 de decembro de 2020 por RENFE -no marco do Plan de renovación da frota e tras anos de abandono- de 31 trens de Ancho Métrico que prestarán servizos, entre outras, ás comunidades de Galicia e Asturias.

Por todo iso é importante que no menor prazo e de maneira sostible a esta iniciativa se sumen outras que permitan ofrecer aos viaxeiros e ás comarcas e comunidades que atravesaba un servizo moderno e eficaz.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que continúe coas melloras iniciadas no ferrocarril Ancho Métrico Ferrol-Xixón, contemplando actuacións nos seguintes ámbitos: limpeza, roza e mellora da liña; mantemento e mellora das estacións; estudo de posibles novas estacións e apeadoiros en función da demanda; mellora progresiva do material rodado e revisión das frecuencias actuais conforme á recuperación da demanda.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/03/2021 17:12:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/03/2021 17:12:48





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 17:15:09
Nº Rexistro: 12616
Data envío: 11/03/2021 17:15:09.346

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 17:13:02

CSX4 REGISTRO7K1Bj1hw4
Verificado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 12630(11/PNC-001288)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do inicio da redacción do proxecto de construción dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, 115, 24.03.2021

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez e Carmen Pomar Tojo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

O Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense, é un dos de maior superficie de Galicia, así como o máis antigo, pois data do ano 1965.

Está situado a 10 km do centro da cidade e, nun radio de 2 km, encóntrase o cinto empresarial de Ourense, composto polo Parque Tecnolóxico e o Polígono de Barreiros, tamén no Concello de San Cibrao das Viñas, o polígono do Concello de Pereiro de Aguiar, e o parque empresarial de Seixalvo, no Concello de Ourense.

En total, en menos de 6km á redonda, temos 642 empresas, 13.100 traballadores e 6,8 millóns de metros cadrados de superficie de solo industrial.

Estas empresas moven na actualidade máis de 3 millóns de toneladas anuais de mercadorías por estrada, o que é equivalente a uns 120.000 camións.

Hai que salientar ademais que a Xunta, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ten previsto desenvolver o parque empresarial de Paderne de Allariz, de maneira que, entre o polígono de San Cibrao, o Tecnolóxico e a súa futura ampliación, a Cidade do Transporte e o futuro parque empresarial de Paderne de Allariz, créase un gran polo empresarial na zona.

Pese a este gran potencial industrial, este cinto empresarial só conta cun apeadoiro-cargadoiro ferroviario que dá servizo exclusivamente a unha gran empresa agroalimentaria.

O transvase de mercadorías da estrada ao ferrocarril é un obxectivo dos gobernos. O aforro de enerxía, o aforro económico, evitar a contaminación e os accidentes, a menor



ocupación do territorio e a diminución da dependencia do petróleo son algunhas das vantaxes do ferrocarril.

A proposta de emprazamento desta central de mercadorías é colindante á Cidade do Transporte no concello de San Cibrao das Viñas, construída pola Xunta de Galicia, e o terreo proposto é contiguo a liña férrea actual de Ourense a Zamora.

Esta é a reivindicación máis importante do tecido empresarial de Ourense, que hoxe se fai máis necesaria ca nunca. Unha nova estación ferroviaria de mercadorías que permita a intermodalidade e que aumente a competitividade das empresas, permitindo tamén liberar espazo na estación Ourense-Empalme. Esa estación ocupa unha gran cantidade de metros cadrados e na actualidade está infrautilizada, pois os tráxicos máis importantes realízanse na que hai en San Cibrao e que utiliza a empresa Coren, e na de Taboadela, que se utiliza para o envío dos contedores da planta de transferencia de Sogama, tamén situada no polígono de San Cibrao das viñas.

A central de mercancías do Polígono de San Cibrao está apoiada por diferentes administracións: Concellos, Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, e tamén conta cun forte respaldo empresarial e de partidos políticos e sindicatos de diferente signo.

Entendemos que o primeiro paso é que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana apoie esta iniciativa e acorde a redacción do proxecto desta nova Estación Ferroviaria de Mercadorías.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España, a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que inicie a redacción do proxecto dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense, liberando espazo da estación de Ourense-Empalme e contribuíndo a facer cidade”.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 10:46:28
Nº Rexistro: 12630
Data envío: 12/03/2021 10:46:28.467

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/03/2021 10:40:49

Marta Nóvoa Iglesias na data 12/03/2021 10:41:21

María Sol Díaz Mouteira na data 12/03/2021 10:41:35

José Manuel Balseiro Orol na data 12/03/2021 10:41:46

Ramón Carballo Páez na data 12/03/2021 10:42:02

Diego Calvo Pouso na data 12/03/2021 10:42:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: REXISTROaOfDxyA4
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 10:46:28
Nº Registro: 12630
Data envío: 12/03/2021 10:46:28.467

Rubén Lorenzo Gómez na data 12/03/2021 10:42:36

Carmen María Pomar Tojo na data 12/03/2021 10:42:46



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)

